



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Vigo. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío.
Extensión: 5,07 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Fronte costeira sedimentaria caracterizada pola presenza dunha sucesión de praias separadas por puntas rochosas (puntas Promontorio e Mexilloeira) que configuran en conxunto un gran complexo areoso no fondo da Enseada da Barra. O aspecto máis significativo é a prolongación do manto sedimentario que queda pegado na vertente traseira, chegando a alcanzar distancias superiores a 500 m da liña de costa nalgúns sectores. A vertente continental ten unha pendente suave a moderada sobre as ladeiras dos montes graníticos que pesola a unidade e que configuran na súa cabeceira un relevo ondulado no que predominan os afloramentos rochosos como resultado da intensa dinámica erosiva.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que os materiais metamórficos do Complexo de Cabo Home - A Lanzada están presentes nunha pequena zona do extremo sudoccidental desta grande unidade, o máis característico son os depósitos cuaternarios que ocupan a enseada, e o substrato ígneo de afinidade alcalina que ocupa o resto. As rochas ígneas son fundamentalmente granitos de feldespató alcalino; mentres que os depósitos cuaternarios da Enseada de Barra poden clasificarse en áreas de praia, os máis próximos ao mar, e en campos de dunas a liña seguinte cara ao interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario e val inclúense no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 15° C e oscilación térmica ao redor a 13° C; precipitacións entre 1200 mm e 1400 mm anuais. A cabeceira da unidade (montes do Facho e Facho de Hío) forma parte do ambiente climático Cálido e Moi Húmido xa que acumula entre 1400 mm e 1600 mm de precipitación ao ano.

OS SOLOS

Importante presenza de arenosoles álbicos e háplicos nos depósitos cuaternarios do amplo complexo sedimentario. A vertente traseira ten un primeiro tramo de pendente suave a moderada no que os solos alcanzan maior espesor e desenvolvemento, sendo sobre todo cambisoles dístrico-úmbricos. Onde a inclinación da pendente é superior fórmanse solos pobres do tipo regosol ou leptosol lítico nos que aumenta a porcentaxe de superficie ocupada polos afloramentos do substrato rochoso, como sucede na alifación montañosa da cabeceira da unidade, entre os montes Facho e Castro.


AS AUGAS

A Enseada de Barra, nas Augas Costeiras de Cangas (20157), é a área de desembocadura das augas de escorrentía da unidade, que se distribúe en varios arroios, dos cales o máis destacado é o arriño de Donón, que desemboca ao oeste da praia de Barra. Outros cursos de auga menores sitúanse no resto da cunca, especialmente na praia de Nerga.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e o complexo sedimentario ao LIC Costa da Vela. É unha unidade sedimentaria, o maior conxunto dunar do sur de Galicia. Fronte con bancos areosos intermareais e submareais superficiais (hábitats 1110 e 1140). As dunas presentan os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, con potencialidade para o 2230, dunas mediterráneas con céspedes de Malcolmietalia. Nos extremos da superficie dunar dous arroios forman pequenas zonas húmidas intradunares. Na parte central e centro oeste do conxunto areoso aparecen formacións pequenas e abertas do hábitat 2270, Dunas con bosques de Pinus pinea e/ou Pinus pinaster, neste caso de Pinus pinea. Fóra das dunas, os regueiros citados presentan pequenas masas ripícolas (91E0), en carácter mixto, sumadas a algunhas agrupacións de recolonización como as existentes nas áreas agrícolas en proceso de abandono de Donón e Nerga. Grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica nas elevacións do norte.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

En superficie dedicada, predomina un uso forestal, pero non asociado a masas de repoboación, que son residuais, senón a masas mixtas, maioritariamente de Pinus pinea, que van fixando o manto eólico que ascende cara aos montes que pesola a unidade no seu extremo norte. O uso agrícola, con cultivos forraxeiros, froiteiros e viñedos, concéntrase no contorno dos principais núcleos rurais de poboación, Donón e Nerga, con menor importancia ao redor do asentamento de Viño. Non obstante o uso protagonista da unidade é o vinculado ao aproveitamento turístico das praias desenvolvidas na enseada de Barra, con acceso rodado e grande afluencia. Os bancos areosos intermareais da propia enseada son obxecto do uso marisqueiro, con mergullo e embarcación.

MORFOLOXÍA

O maior desenvolvemento dos solos na vertente traseira do complexo sedimentario posibilitou que se implantasen núcleos rurais fundacionais de carácter tradicional, Donón, na ladeira do monte Facho e seguindo unha estrutura radial segundo a vía, e Nerga, na correspondente do monte Castro e cunha estrutura máis compacta. En ambos os dous producíronse crecementsos de carácter rural, pero tamén crecementsos de vivendas unifamiliares illadas desvinculadas dos usos rurais e sen funcións urbanas, especialmente en Nerga, por estar máis próximo á praia do mesmo nome e tamén no lugar de Viño, en dirección a esta. Unha estrada provincial articula o acceso aos núcleos principais, e a rede de numerosas pistas locais. En xeral a estrutura do parcelario móstrase oculta tras as formacións forestais e areosas, agás no ámbito dos núcleos onde se observa o elevado minifundismo característico da propiedade en Galicia.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realízase a través dunha vía provincial que conecta os núcleos existentes e a praia, coa vía autonómica PO-315, no ámbito de Igrexario, o centro parroquial de Hío, xa fóra desta unidade, e de aquí coas restantes vías de maior capacidade. Así mesmo figura unha densa rede de pistas locais e sendas sobre o complexo sedimentario.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Esta unidade presentou un elevado grao de ocupación humana xa dende os tempos prerromanos, como evidencian os restos arqueolóxicos de numerosos asentamentos, unha vila e dous castros (no cume dos montes O Facho e Castro), localizados maioritariamente nas traseiras do complexo sedimentario. Figuran ademais mostras de petroglifos e dunha salina na praia de Nerga. O gravado rupestre de As Cortes posee declaración de Ben de Interese Cultural. Entre todos estes elementos é preciso destacar o castro galaico do Facho, pois asociado a el, no cumio deste monte se erixiu un santuario que, coa conquista romana pasaría a latinizarse e render culto a Bero Breo un deus galaicorromano doméstico moi descoñecido. O santuario estivo activo entre os séculos II e IV d.C., sendo un gran centro de peregrinación, co maior número de aras achadas en ningún depósito. Esta herdanza foi transmitida á igrexa de Santo André do Hío, sendo o destino dunha peregrinación de grande intensidade que chegaría ata os anos trinta do século pasado.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A enseada de Barra achégalle un carácter pasivo, sedimentario, ao litoral predominantemente agreste da Costa da Vela. Asociado á natureza do complexo areoso da unidade prevalece o aproveitamento turístico das praias e potencialmente dos recursos do patrimonio arqueolóxico, en especial do santuario de Bero Breo no monte O Facho, polo que se xuntarían os caracteres natural e cultural. A paisaxe organizase ao redor do areal do sistema praia-duna de Barra e a cadea de montes que enmarcan polo norte a unidade e a través do cal avanza o manto eólico. Na vertente traseira deste complexo e nas ladeiras dos montes do Facho e Castro é onde se asentaron os núcleos fundacionais.

DINÁMICA DA PAISAXE

Os procesos que configuraron esta unidade son os xeomorfolóxicos da dinámica litoral, en gran parte, tratándose polo tanto dos procesos de carácter natural. Ademais pódese destacar unha maior densificación da masa arborizada colonizando o manto areoso do complexo sedimentario, así como un proceso de naturalización de áreas de cultivo do ámbito dos núcleos de Donón e Nerga que están a ser abandonados e absorbidos polos bosques de recolonización. Por outra parte, aínda que o vial tradicional se segue mantendo en gran parte, produciuse un aumento significativo da presión turística sobre as praias, especialmente de tipo residencial, co crecemento de vivendas unifamiliares illadas desvinculadas das funcións rurais e urbanas, e co acondicionamento dun aparcadoiro e a implantación de dotacións para dar servizo aos usuarios da praia.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos sentan as bases do carácter da unidade da enseada de Barra, figurando o seu complexo sedimentario como o maior conxunto dunar do sur de Galicia. O resultado do devir do tempo sobre esta paraxe evidencian estes valores naturais que foron recoñecidos a escala autonómica e comunitaria coa súa inclusión na Zona de especial protección dos valores naturais e o Lugar de interese comunitario da Rede natural 2000, Costa da Vela, respectivamente. Por outra banda, na unidade coexisten uns valores arqueolóxicos singulares asociados especialmente ao castro do Facho e ao santuario de Bero Breo, como lugar de peregrinación durante a época galaico-romana, que posteriormente foi transmitida a Santo André, á súa igrexa parroquial situada nunha unidade veciña. Para a contemplación da unidade seleccionáronse dous puntos de observación. Un deles no alto do monte O Facho a 184 metros de altitude, nos restos do santuario que posteriormente foi utilizado como posto de vixilancia marítima con fins militares; e o segundo no punto máis elevado da unidade, o monte do Hío, con 241 metros de altitude. Dende ambos os dous lugares pódese observar tanto toda a unidade, como as Illas Atlánticas cara ao horizonte occidental e, se a meteoroloxía o permite, a costa de Vigo de cara ao horizonte suroriental. O primeiro engádelle a panorámica do perfil costeiro do acantilado da Costa da Vela, mentres que o monte O Hío permite unha visión da unidade contextualizada polos salientes rochosos que a enmarcan. Destacar por último as vistas dende a praia da Barra, lugar que podría ser un bo punto de observación.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecemento residencial do ámbito do núcleo de Nerga e a praia do mesmo nome, desvinculado das funcións urbanas e rurais, co obxecto de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



